



# PLAN ESTRATÉXICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

**As 100 accións do PETIC**

*Aprobado polo Consello de Goberno o 22 de xuño de 2004*



# INTRODUCCIÓN

A incorporación das tecnoloxías da información e as comunicacións ás tarefas cotiás das universidades tense que facer dunha forma planificada e meditada, en todos os ámbitos da súa actividade e co fin de dar mellor resposta ás demandas que lle fai a sociedade como depositaria, creadora e transmisora do coñecemento, como formadora de persoas e futuros profesionais, e como axente de dinamización socioeconómica a través da investigación, o desenvolvemento, a innovación e o emprendemento (I+D+i+E).

O Plan Estratéxico de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións da USC (PETIC) desenvolve neste ámbito o Plan Estratéxico da USC 2010, rematado hai xa tres anos, e que baixo o lema "Coñecemento ao Servizo da Sociedade" ten como misión facer unha universidade completa e emprendedora, con campus de crecemento equilibrado, para dar resposta ás demandas da sociedade a través de servizos de calidade.

Para a elaboración do PETIC estableceuse unha estrutura de traballo baseada nunha Comisión de Planificación Estratéxica, cunha moi ampla representación da comunidade universitaria; unha Comisión de Coordinación, na que responsables do Consello de Dirección e da área TIC levaron a cabo o papel de dirección, programación e coordinación do traballo; e diversos grupos de traballo, nos que máis de noventa usuarios, expertos e profesionais das TIC da USC elaboraron os informes e propostas de acción temáticas que serviron de base para a elaboración da proposta final.

Un froito deste proceso o constitúe o documento que recolle as reflexións e as propostas de actuación cara ao período 2004-06 na USC. Este plan propón 100 accións que intentan reflectir dun xeito sintético as actuacións máis importantes a poñer en marcha neste período.

Certamente algunhas das accións que figuran no PETIC foron xa iniciadas ou parcialmente executadas ao longo do presente ano; isto é así xa que entendiamos que a demora sobre os prazos inicialmente previstos para a aprobación do plan non debían retardar a posta en marcha de actuacións básicas e prioritarias.

No presente informe ao Consello de Goberno recóllense as accións, emanadas da Comisión de Coordinación, tendo en conta o traballo e propostas realizadas polos grupos de traballo, e que foron finalmente debatidas na Comisión de Planificación Estratéxica; xunto coa súa prioridade, temporización e, cando é procedente, os obxectivos e indicadores asociados.

No cento de accións recollidas non todas teñen, evidentemente, a mesma complexidade e transparencia. Algunhas derivarán á súa vez en accións de segundo nivel que, nalgúns casos, constituirán por si mesmas complexos proxectos. Como xa foi constatado, estamos seguros que no curto devir deste plan acontecerán novos feitos, tecnolóxicos, educativos, sociais, económicos... que dificilmente poden agora reflectirse ou incluso incluírse, e que van condicionar a execución do PETIC.

Se ben é certo que o PETIC persegue unha transformación cualitativa da nosa universidade, non é menos certo que a existencia de indicadores cuantitativos e obxectivos concretos permitirá estimular o seu logro e vulgar con maior obxectividade os froitos acadados. En todo caso, por riba do cumprimento exhaustivo do conxunto das accións indicadas está a aposta decidida por unha transformación fonda da institución, na que estamos convencidos de que as TIC poden ser unha ferramenta, un instrumento, unha panca de impulso especialmente útil.



## PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Integración das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe	1.1. Creación e posta en funcionamento do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA).	✓ Posta en funcionamento.	A	2004
	1.2. Establecemento dunha Normativa Académica para o Campus Virtual da USC.	✓ Aprobación e entrada en vigor.	A	2004
	1.3. Recoñecemento no Plan de Traballo Anual de actividades que fagan uso das TIC.	✓ Recoñecemento progresivo segundo actividades e uso das TIC.	A	2004-06
	1.4. Formación do PDI orientada ao uso docente das TIC: uso de ferramentas e metodoloxías docentes, desenvolvemento de recursos didácticos virtuais ...	✓ Cursos de formación (% PDI): 20%, 30%, 50%.	A	2004, 2005, 2006
	1.5. Dotación de equipamento TIC nas aulas docentes.	✓ Acadar o 50% das aulas con acceso a internet e canón de vídeo.	A	2006
	1.6. Descrición de materias no web.	✓ 100 das materias.	B	2005
	1.7. Incorporación de materias á USC Virtual.	✓ Duplicar o nº de materias actual.	A	2006
	1.8. Incentivación do desenvolvemento de Proxectos de Innovación Educativa baseados no uso das TIC.	✓ Convocatoria anual e difusión dos proxectos máis relevantes.	A	2004-06
	1.9. Estudo das experiencias panuniversitarias de ensino virtual e potenciais colaboracións.	✓ Informe e proposta de actuación.	B	2004
	1.10. Estudo de plataformas para a formación en liña.	✓ Informe.	C	2005

## PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Estudantes	2.1. Mellora das infraestruturas das aulas de informática e da súa xestión.	✓ Baixar dos 17 alumnos por PC.	A	2006
	2.2. Apoio ao acceso dos estudantes ás redes mediante axudas para a compra de equipamento propio.	✓ Equipos mercados: 1000 anuais.	A	2004-06
	2.3. Mellora e potenciación dos servizos en liña de Matrícula e Xestión Académica.	✓ 30% de matrícula por internet.	A	2006
	2.4. Posta en marcha de servizos en liña para estudantes.	✓ Novos servizos*.	A	2004-06
	2.5. Deseño dun portal de emprego para estudantes.	✓ Posta en marcha.	A	2004
	2.6. Disponibilidade de software para os alumnos (gratuíto ou a prezo reducido).	✓ Acadar acordos corporativos.	A	2004-06
	2.7. Universalización do correo electrónico.	✓ 100% estudantes.	B	2005
	2.8. Espazos web para as asociacións de estudantes.	✓ 100% asociacións.	B	2005
	2.9. Apoio en TIC aos estudantes.	✓ Creación dun servizo de FAQs.	B	2004-06
	2.10. Presentación, promoción e difusión das TIC entre o estudiantado.	✓ Campaña semestral.	C	2004-06

\* Reserva de instalacións deportivas, reserva de residencias universitarias, cursos de extensión cultural e outros.

## PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Investigación	3.1. Apoio en liña aos proxectos de investigación mediante o desenvolvemento da OIT on line.	✓ Xestión en liña (A)*. Xestión en liña (B)*. Incremento anual dun 20% de usuarios.	A	2004 2005 2004-06
	3.2. Estudo dun modelo de asistencia técnica aos investigadores.	✓ Definición do modelo. Implantación.	A	2004 2005
	3.3. Difusión da investigación e dos seus resultados mediante recursos TIC.	✓ Espazos web para Grupos. Incremento anual do 30% de Grupos de Investigación con web.	A	2004 2005-06
	3.4. Apoio ás liñas de I+D+i+E relativas á Sociedade da Información.	✓ Catalogación de Grupos. Incremento dun 20% dos proxectos en programas sectoriais.	A	2004 2006
	3.5. Conexión en banda ampla. Extensión do acceso a 100 Mb.	✓ 100% do acceso.	B	2004
	3.6. Fomento do emprego de ferramentas de traballo colaborativo.	✓ Implantación de ferramentas.	B	2005
	3.7. Aumento do equipamento de videoconferencia de uso común e incentivación do seu uso.	✓ Duplicar o número de equipos dispoñibles.	C	2006
	3.8. Apoio á adquisición centralizada de software científico para a investigación e soporte aos usuarios.	✓ Aumento do 20% anual de paquetes de software.	B	2004-06
	3.9. Apoio á creación de empresas "spin-off" no sector das TIC.	✓ Creación dun boletín electrónico.	B	2005

\* (A) Procedementos de xestión de axudas propias, catálogo de grupos e dotación de partidas orzamentarias de actividades.

\* (B) Procedementos de contratos e persoal contratado.

## PLAN ESTRATÉXICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Xestión e administración	4.1. Elaboración dun Manual de Procedementos Administrativos de Xestión Académica.	✓ Documento.	A	2004
	4.2. Posta en marcha dun Rexistro Telemático.	✓ Creación.	A	2005
	4.3. Coordinación da difusión no web de actos administrativos de concorrencia competitiva.	✓ 100 % en web.	B	2005
	4.4. Impulsar a tramitación electrónica sen sinatura dixital.	✓ Polo menos 5 procedementos anuais.	A	2005-06
	4.5. Implantación da sinatura dixital na USC.	✓ Selección de autoridades de certificación. Implantación de procedementos.	A	2005 2005-06
	4.6. Impulso da <i>Tarxeta Universitaria Intelixente</i> como chave de acceso aos servizos.	✓ Tecnoloxía sen contactos; xestión de bonos con tarxeta. Acceso a locais; acceso a equipamento informático.	A	2004 2005
	4.7. Introducción do pago por medios telemáticos.	✓ Experiencia piloto de expedición e pago de certificacións. Extensión do uso.	B	2004 2005-06
	4.8. Elaboración dunha nova aplicación de Xestión Académica.	✓ Implantación.	A	2004-05
	4.9. Posta en funcionamento dun <i>Sistema de Xestión de Espazos</i> .	✓ Análise de alternativas. Implantación.	A	2004 2005-06

## PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Xestión e administración	4.10. Posta en funcionamento dunha <i>aplicación de Xestión Económica Integral</i> .	✓ Análise. Adquisición. Implantación.	B	2004 2005 2006
	4.11. Definición dun novo sistema de codificación corporativo.	✓ Documento.	A	2005
	4.12. Creación dun <i>almacén de datos corporativo</i> .	✓ Implantación na área de xestión de persoal. Implantación global.	B	2004 2005-06
	4.13. Deseñar un Sistema de Información para a Dirección.	✓ Aplicación á xestión de persoal. Extensión a outras áreas.	A	2004 2005-06
	4.14. Xestión informatizada da certificación ISO da área académica.	✓ Implantación.	B	2005
	4.15. Avaliación da implantación dun <i>Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos</i> e dun <i>Sistema de Medición de Cumprimento de Obxectivos</i> .	✓ Informe e toma de decisión.	B	2006
	4.16. Dotación da especialidade de Ofimática Avanzada para os funcionarios da Escala Administrativa.	✓ Definición do perfil. Aprobación e convocatoria de prazas. 50 postos deste perfil.	B	2004 2005 2006
	Creación da Comisión de Estatística e Explotación de Información.			

## PLAN ESTRATÉXICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Bibliotecas e acceso a fontes de información	5.1. Renovación do sistema informático de xestión da Biblioteca.	✓ Sistema dispoñible.	A	2004
	5.2. Renovación dos recursos tecnolóxicos da BUSC.	✓ Renovación dos terminais informáticos % 50% 100%	A	2004 2005
	5.3. BUSC como portal de acceso á información e documentación dixital.	✓ Portal operativo.	A	2004
	5.4. Avance na automatización do catálogo da BUSC.	✓ Séculos XVI-XIX automatizados.	B	2006
	5.5. Elaboración dun <i>Programa Xeral de Formación de Usuarios</i> .	✓ Un curso para profesores e estudantes por ano e centro.	B	2004-06
	5.6. Elaboración de guías de axuda para usuarios da BUSC e do AHUS.	✓ Guías elaboradas.	B	2005-06
	5.7. Dixitalización de coleccións bibliográficas, teses, publicacións, series documentais, fondos...	✓ Fondo galego dixitalizado.	B	2006

## PLAN ESTRATÉXICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
<b>Aspectos tecnolóxicos e de soporte ao usuario</b>	6.1. Elaboración dunha normativa institucional de uso das TIC na USC.	✓ Aprobación de documento.	A	2004
	6.2. Elaboración dun documento de criterios e procedementos de seguridade informática.	✓ Aprobación de documento.	A	2004
	6.3. Disponibilidade do catálogo de servizos a través da rede.	✓ Elaboración de catálogo.	A	2004
	6.4. Ampliación e mellora da atención aos usuarios.	✓ Reducir ao 50% o tempo de atención (2006). Elaborar e publicar unha enquisa de satisfacción anual.	A	2004-06
	6.5. Implantación dunha rede sen fíos nos campus.	✓ Cobertura 50%. Cobertura 100%.	A	2004 2005
	6.6. Renovación do equipamento informático de PAS e PDI e reciclado do material obsoleto.	✓ 20% de renovación anual. 100% reciclado.	A	2004-06 2005
	6.7. Establecemento de estándares de desenvolvemento de aplicacións.	✓ Documentos de estándares.	A	2005
	6.8. Establecemento de estándares de rede e comunicacións.	✓ Documentos de estándares.	B	2004
	6.9. Establecemento de estándares de servizos e sistemas.	✓ Documentos de estándares.	B	2004
	6.10. Impulsar a utilización dos estándares e do software abertos.	✓ Distribución aos alumnos, xornadas de difusión, potenciar o seu uso.	A	2004-06

## PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Aspectos tecnolóxicos e de soporte ao usuario	6.11. Unificación de servidores de información.	✓ Unificación completa.	B	2004
	6.12. Mellora da seguridade e calidade do servizo.	✓ Calidade e ancho de banda garantidos. Elemento de filtrado. Sistema de detección de intrusos.	A	2004 2005-06 2005-06
	6.13. Mellora dos sistemas de monitorización da rede.	✓ Novo sistema de monitorización.	B	2004-05
	6.14. Introducción de melloras na identificación e acceso a aplicacións: validación única ( <i>single sign on</i> ).	✓ Posta en marcha. Validación no 75% das aplicacións. Validación no 100%.	A	2004 2005 2006
	6.15. Acceso remoto dos usuarios á rede.	✓ Implantación VPN; nova versión correo web. Migración do 100% do usuarios remotos; aumento do 50% nos accesos ao correo web. Novos servizos.	B	2004 2005 2006
	6.16. Mellora da infraestrutura da área TIC (eléctrica, aire acondicionado, SAI, control de accesos).	✓ Instalación de equipos.	B	2005

## PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Aspectos tecnolóxicos e de soporte ao usuario	6.17. Creación dun Laboratorio de Prototipos de Equipos.	✓ Creación	B	2005
	6.18. Melloras do servizo de telefonía da USC.	✓ Licitación pública.	B	2004
	6.19. Implantación dun sistema automático de atención de chamadas: operadora automática.	✓ Implantación. 4 segundos*. 2 segundos*.	C	2004 2005 2006
	6.20. Facilitación do uso das aulas de informática a discapacitados.	✓ Postos dispoñibles en aulas intercentros.	C	2005-06

\* Tempo medio de espera.

## PLAN ESTRATÉXICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
Formación	7.1. Análise do nivel de formación en TIC de estudantes, PAS e PDI.	✓ Elaboración de estudos.	A	2004
	7.2. Recoñecemento da formación en TIC na carreira profesional do PDI.	✓ Integración na normativa.	A	2005
	7.3. Formación en TIC orientada a PDI.	✓ 25% do persoal. 40% do persoal.	A	2005 2006
	7.4. Reformulación da formación en TIC do PAS.	✓ Redefinición contidos. 35% do persoal. 50% do persoal.	A	2004 2005 2006
	7.5. Redefinición dos coñecementos en TIC para o acceso a prazas de PAS.	✓ Integración en convocatorias.	A	2005
	7.6. Introducción de materias de libre configuración para a formación en TIC de estudantes.	✓ 3 materias.	A	2005-06
	7.7. Formación básica en TIC para estudantes (presencial).	✓ 1.500 prazas. 2.000 prazas.	A	2004-05 2005-06
	7.8. Formación básica en TIC para estudantes (en liña).	✓ 2.500 prazas.	B	2005-06
	7.9. Formación en TIC de acabados de licenciar.	✓ Modificacións de normativas. Dous cursos.	B	2004-05 2005-06
	7.10. Deseño dunha oferta formativa en TIC para Cuarto Ciclo e outras accións de Extensión Docente.	✓ 25% dos alumnos matriculados.	C	2005-06
	7.11. Acreditación de coñecementos TIC (certificado universitario).	✓ Experiencia piloto. Proceso operativo.	B	2004 2005
Creación da Comisión de Formación en TIC.				

## PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
A web institucional	8.1. Implantación dun xestor de contidos e formación. Creación de modelos para a introdución de información.	✓ Posta en funcionamento. Unha persoa formada en todas as unidades.	A	2004 2005
	8.2. Elaboración de normas para servidores e páxinas web corporativas.	✓ Aprobación da normativa.	A	2004
	8.3. Actualización do deseño visual e da estrutura de contidos web baixo os principios de usabilidade e accesibilidade.	✓ Elaboración de estatísticas de visitas e de ligazóns dende outras webs e de tempo de acceso*.	A	2004
	8.4. Elaboración das web das distintas unidades (vicerreitorías, centros, departamentos, servizos...).	✓ 100% de unidades con páxina web.	A	2006
	8.5. Integración da web coa xestión interna (aplicacións).	✓ Integración progresiva de aplicacións na web.	A	2005-06
	8.6. Acceso a web por perfís de usuario e acceso personalizado con identificación única.	✓ Acceso por colectivos. Acceso personalizado.	A	2004 2005-06
	8.7. Integración dos distintos dominios da USC (usc.es) nun único dominio.	✓ Integración.	B	2004
	8.8. Elaboración de web para "colectivos".	✓ Novos colectivos con páxina web.	B	2004-06
	8.9. Accesibilidade do web a discapacitados.	✓ Cumprimento de normas WAI.	B	2005
	Creación da <i>Comisión Web</i> .			

\* Estes indicadores actuarán como indicadores globais de mellora do web.

## PLAN ESTRATÉXICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS

Eixe	Accións	Obxectivos	Prioridade	Temporización
TIC e sociedade	9.1. Creación dun instrumento de fomento da <i>Sociedade da Información</i> en Galicia.	✓ Creación.	A	2004-05
	9.2. Difusión das TIC na sociedade.	✓ Apoio a publicacións, seminarios e congresos.	A	2004-06
	9.3. Aprobación de proxectos e convenios relativos ao impulso da <i>Sociedade da Información</i> .	✓ Incremento de proxectos e convenios asinados.	A	2004-06
	9.4. "Cerounización" da sociedade.	✓ Actividades de formación da sociedade en TIC.	A	2004-06
	9.5. Observación permanente das TIC na USC.	✓ Análise anual das TIC na USC.	B	2004
	9.6. Impulso a proxectos de colaboración panuniversitarios.	✓ Activar proxectos a nivel autonómico e nacional.	B	2004-06
	9.7. Creación dunha aula das TIC para PEMES.	✓ Creación.	B	2005
	9.8. Actividades de formación de formadores en TIC.	✓ 10 accións formativas.	C	2006

	PRIORIDADE A	PRIORIDADE B	PRIORIDADE C	TOTAL
Número de accións	56	37	7	100

#### INDICADORES GLOBAIS MAIS SALIENTABLES

INDICADOR	OBXECTIVO/VALOR A ACADAR
Recoñecemento no PTA de actividades docentes baseadas en TIC	Recoñecemento progresivo
Aulas docentes con canón, pantalla e internet	Duplicar o número de aulas
PDI formado no uso docente das TIC	50%
Alumnos por computador persoal, incluíndo equipos sen fíos	Menor que 6
Renovación equipamento informático	20% anual
Rexistro telemático, tramitación electrónica e sinatura dixital	Universidade en liña
Tarxeta Universitaria Intelixente	Tecnoloxía sen contacto. Duplicar os servizos
Renovación tecnolóxica dos sistemas da BUSC	100% do equipamento e nova aplicación de xestión
Rede sen fíos	Cobertura 100%. Axudas para adquisición de portátiles a estudantes
Mellora de atención a usuarios	Redución nun 50% do tempo de atención. Enquisa anual de satisfacción de usuarios
Novo web institucional	Redeseño visual; personalización; acceso a discapacitados
Formación básica en TIC do estudante	Formación presencial e en liña por áreas
Explotación corporativa da información	Sistema de apoio á dirección
Fomento da Sociedade da Información	Creación dunha fundación de ámbito galego
Creación da Comisión TIC da USC	Creación e posta en funcionamento





